



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA

En Ponteceso, no salón de Plenos da Casa do Concello, sendo ás 10 h do día 9 de abril de de 2018, previa a súa convocatoria, constitúese a mesa de contratación co obxecto de proceder á dación de conta do informe da traballadora social municipal sobre a xustificación da oferta presentada por Atendo Calidade, SL.

Preside o Sr. Alcalde titular D. Xosé Lois García Carballido. Asisten os vogais D. Emilio Caínzos Quintás, secretario accidental do Concello de Ponteceso; D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso; D. José Manuel Pose Verdes, concelleiro; D. Carlos Penedo Casmartiño, concelleiro. Actúa como secretaria D^a. Rosario Canosa Martínez, funcionaria do Concello de Ponteceso.

Na reunión celebrada o día 03-04-2018-2018, a mesa acordou:

1º.- Requirir a ATENDO CALIDADE S.L. para que no prazo improrrogable de cinco días naturais presente a xustificación da súa oferta, que permita determinar a viabilidade da oferta presentada, determinada a partir da diferenza entre os ingresos e os gastos correspondentes á prestación do servizo. O requirimento efectuarase ao enderezo electrónico facilitado pola empresa e a súa contestación deberá ser presentada polo mesmo medio. No caso de non presentarse a xustificación, ou que sexa presentada fóra do prazo, ou a mesa considere insuficiente a presentada, excluírase do procedemento.

2º.- Publicar a acta no perfil do contratante, www.ponteceso.gal, para xeral coñecemento.

3º.- Convocar á mesa de contratación a unha nova reunión que se celebrará o día 09-04-2018, ás 10 horas, no Salón de Plenos do Concello.

Formúlase o requirimento telemático a ATENDO CALIDADE SL o día 03-04-2018, segundo o acordó da mesa de contratación. En tempo e forma, o día 08-04-2018, ATENDO CALIDADE SL presenta telemáticamente a súa xustificación por medio do estudo económico financeiro do servizo a prestar. No mesmo xustificábase o custo do servizo a prestar e os seus ingresos estimativos, resultando un beneficio empresarial de 7.054,96 euros.

A mesa de contratación, despois do seu estudo e debate entre os seus membros estima que o número de horas en base ás cales se calculou o custe de persoal é inferior ao esixido na cláusula 4 do PCA, polo que cómpre proceder novamente a un último requirimento á empresa para que xustifique debidamente a súa oferta, con suxeición ao establecido n PCA, en especial na súa cláusula 4ª, 4.1, e tendo en conta que o número de horas estimadas para a prestación do servizo constitúe a base xunto co prezo/hora para determinar o valor estimado do contrato e o orzamento/base de licitación.

Polo que a mesa, por unanimidade, acorda:

1º.- Requirir novamente a ATENDO CALIDADE, SL, a xustificación da súa oferta económica, ou proposta, considerada iniciamente pola mesa con valores anormais ou desproporcionados , con suxeición ao establecido n PCA, en especial na súa cláusula 4ª, 4.1, e tendo en conta que o número de horas estimadas constitúe a base xunto co prezo/hora para determinar o valor estimado do contrato e o orzamento/base de licitación. O prazo para a súa xustificación será de cinco días naturais, para o que poderán empregarse medios telemáticos. Non se realizará ningún outro requirimento, no caso de non presentarse a xustificación, que sexa presentada fóra do prazo, ou a mesa considere insuficiente a presentada, excluírase do procedemento.

2º.- Publicar a acta no perfil do contratante, www.ponteceso.gal, para xeral coñecemento.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

3º.- Convocar á mesa de contratación a unha nova reunión que se celebrará o día 09-04-2018, ás 10 horas, no Salón de Plenos do Concello.

A presidencia remata a reunión ás 10.30 do día sinalado e redáctase a acta que asinan todos os membros da mesa.

Pola mesa de contratación,